

No caso de rendementos de actividades económicas, a redución aplicarase sobre a contía do rendimento neto calculado de acordo co disposto no artigo 30 e unha vez aplicada, se é o caso, a redución prevista no artigo 32.1 da citada Lei 35/2006, e terase en conta, se é o caso, para o cálculo da redución regulada no artigo 32.2 da Lei 35/2006.

En ambos os casos, a redución terase en conta para efectos de aplicar o disposto no número 2 do artigo 80 bis da Lei do imposto.

2. A redución prevista no número 1 c) anterior terase en conta para a determinación da base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 83 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, nos seguintes termos:

a) Aplicarase sobre a contía do rendimento neto do traballo resultante das minoracións previstas no artigo 83.3 a) e b) do Regulamento do imposto.

b) Terase en conta para a aplicación das reducións previstas no artigo 83.3.c) do Regulamento do imposto.

3. O previsto neste artigo será igualmente aplicable ás persoas físicas que tivesen dereito á aplicación do réxime fiscal previsto no artigo 13 do Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia e presten os seus servizos á entidade organizadora, aos equipos participantes ou aos establecementos permanentes ou entidades a que se refire o artigo 12 deste real decreto, sempre que estean directamente relacionados co acontecemento.

Artigo 14. *Obrigas de información.*

As entidades a que resulte de aplicación o réxime fiscal previsto na disposición adicional sétima da Lei 41/2007, do 7 de decembro, deberán cumprir as obrigas de información á Administración tributaria previstas na normativa vixente, en relación coas rendas obtidas e satisfeitas a que se refiren os artigos 12 e 13 deste real decreto.

Disposición adicional única. *Protección de datos de carácter persoal.*

No relativo aos intercambios de datos persoais das persoas afectadas pola normativa contida neste real decreto, observarase o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Regulamento de medidas de seguranza dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño.

Disposición transitoria única. *Regularización do tipo de retención.*

Cando se satisfixesen en 2008 rendementos do traballo aos cales resulte de aplicación a redución do 65 por cento a que se refire o artigo 13.1.c) con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, regularizarase, se é o caso, o tipo de retención, de acordo co sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboan ata a finalización do período impositivo 2008.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral e

149.1.17.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros propoñentes, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións poidan ser precisas para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

19174 *REAL DECRETO 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario. («BOE» 287, do 28-11-2008.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece nos seus artigos 91 ao 99 as funcións do profesorado das distintas ensinanzas que se regulan nela, así como as súas respectivas condicións de titulación e formación pedagóxica e didáctica. Na disposición adicional sétima, pola súa vez, especifícanse as funcións dos diferentes corpos en que se ordena a función pública docente.

O Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, establece as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria que deberán formar parte do currículo que as distintas administracións educativas definan para esta etapa do sistema. Por outra parte, o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, regula a estrutura do bacharelato sobre a base do disposto a este respecto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e concreta a relación de materias das súas diferentes modalidades. Ademais, o Goberno estableceu, logo de consulta ás comunidades autónomas, a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, cuxa disposición adicional décima remite ás normas que regulen os títulos respectivos, a definición das titulacións e especialidades do profesorado, a atribución docente e a equivalencia para efectos de docencia. Diferentes reais decretos regularon, así mesmo, as ensinanzas mínimas a que se deberán axustar os currículos das ensinanzas profesionais de música e de danza, así como os das ensinanzas de idiomas de réxime especial e as ensinanzas deportivas.

Establecidas nas normas citadas as necesidades docentes nas diferentes etapas do sistema educativo, pro-

cede iniciar o desenvolvemento do previsto na citada disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coas especialidades dos corpos docentes que teñen atribuídas nos centros docentes públicos as ensinanzas respectivas.

Por outra parte, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, permitiu establecer, mediante a Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, os requisitos para a verificación dos títulos oficiais de máster en que se concretan as previsións da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación sobre a formación pedagóxica e didáctica exixible para exercer a docencia en determinadas etapas do sistema educativo.

Así pois, en virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, e co fin de garantir un ensino común de calidade impartido polo profesorado máis idóneo, procede establecer as especialidades docentes dos corpos de funcionarios que teñen ao seu cargo o ensino na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional, así como definir a asignación de materias e módulos que deberá impartir o profesorado respectivo nas ditas etapas do sistema educativo, así como determinar a validez dos títulos universitarios oficiais de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica exixida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación, e o Ministerio de Administracións Públicas emitiu informe. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2008,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto da norma.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as especialidades docentes dos corpos de funcionarios que teñen ao seu cargo o ensino na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional, así como definir a asignación de materias e módulos que deberá impartir o profesorado respectivo nas ditas etapas do sistema educativo.

2. Así mesmo, este real decreto ten por obxecto determinar a validez dos títulos universitarios oficiais de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica exixida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo.

Artigo 2. *Especialidades docentes.*

1. As especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario son as que se relacionan no anexo I.

2. As especialidades docentes do corpo de profesores técnicos de formación profesional son as que se relacionan no anexo II.

3. Nas comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, os corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario terán, así mesmo, a especialidade propia da lingua respectiva. As administracións correspondentes determinarán a atribución docente ás ditas especialidades por analoxía co disposto neste real decreto para a especialidade de lingua castelá e literatura.

Artigo 3. *Asignación de materias en educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

1. Os funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario deberán impartir as materias da educación secundaria obrigatoria que en cada caso se especifican no anexo III.

2. Os funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario deberán impartir as materias do bacharelato, comúns e de modalidade, que en cada caso se determinan no anexo IV.

3. Os funcionarios do corpo de catedráticos de ensino secundario e os do corpo de profesores de ensino secundario, das especialidades que se inclúen no anexo V, poderán impartir docencia no bacharelato e na educación secundaria obrigatoria de acordo coas correspondencias que nel se especifican, sempre que reúnan as condicións que nel se detallan e sen prexuízo da preferencia que, para impartir as materias respectivas, teñen os profesores das especialidades a que se refiren os anexos III e IV.

4. Os funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario da especialidade orientación educativa realizarán tarefas de orientación e, ademais, poderán desempeñar docencia en aplicación do que dispón o artigo 5. Así mesmo, as súas funcións de orientación poderanse estender ás etapas de educación infantil e educación primaria, en virtude do previsto no número 1 da disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Os ámbitos dos programas de diversificación curricular, os dos módulos dos programas de cualificación profesional inicial previstos no artigo 30.3 c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e os propios da oferta específica para persoas adultas serán impartidos por funcionarios dos corpos de catedráticos e de profesores de ensino secundario dalgunha das especialidades que teñan atribución docente para impartir calquera das materias que se integran nestes ámbitos.

6. Nos termos que determinen as administracións educativas, os profesores técnicos de formación profesional, das especialidades que en cada caso corresponda, poderán impartir a materia de tecnoloxías e asumir funcións de atención á diversidade, sen que ningunha desas posibilidades implique dereito sobre a titularidade das especialidades respectivas ou sobre a pertenza a un corpo distinto daquel a que pertencen.

Artigo 4. *Asignación de módulos en formación profesional.*

1. Os funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional impartirán ensinanzas nos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de acordo coa asignación de módulos contida, para as especialidades docentes respectivas, nos reais decretos reguladores das diferentes titulacións de acordo co disposto na disposición adicional décima, número 1, do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo. Así mesmo, os profesores doutras especialidades docentes, que cumpran as condicións de formación establecidas nas normas citadas

para impartir docencia nos diferentes módulos en centros privados poderán facelo en centros públicos sen prexuízo da preferencia para estes efectos dos titulares das especialidades respectivas.

2. A atribución docente das ensinanzas de formación profesional reguladas ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, axustarase á normativa aplicable ás ditas ensinanzas. En todo caso, a atribución docente a especialidades do corpo de profesores de ensino secundario estenderase ás especialidades docentes do corpo de catedráticos de ensino secundario que se establecen neste real decreto.

3. En relación cos centros integrados de formación profesional observarase o disposto, en materia de docencia, información e orientación profesional, no Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional.

Artigo 5. *Asignación de materias optativas e de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial.*

1. As administracións educativas determinarán a atribución das materias optativas que establezan na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato aos profesores das diferentes especialidades docentes.

2. Así mesmo, as administracións educativas determinarán a atribución docente correspondente aos módulos a que se refire o artigo 30.3 a) e b) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 6. *Ampliación da atribución de docencia.*

As administracións educativas establecerán as condicións necesarias para permitir que, nos primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria, os profesores coa debida cualificación impartan máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos, de acordo co disposto no artigo 26.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 7. *Docencia noutras ensinanzas.*

1. Os funcionarios dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario das especialidades docentes de linguas estranxeiras poderán, excepcionalmente, impartir ensinanzas das linguas respectivas na etapa de educación primaria, en aplicación do disposto na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. As administracións educativas regularán nos seus ámbitos respectivos o exercicio desta posibilidade, que comportará, en todo caso, a voluntariedade dos interesados e non terá efectos nos cadros de persoal estables dos centros.

2. Así mesmo, os profesores das especialidades de linguas estranxeiras dos corpos citados poderán exercer a docencia no nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial, cando este nivel básico se organice en institutos de educación secundaria.

Artigo 8. *Docentes doutros corpos.*

1. A docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato e na formación profesional, por parte de funcionarios pertencentes a corpos docentes distintos dos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, en aplicación do previsto no número 1 da disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, concretarase nas normas polas

que se determinen as especialidades dos corpos respectivos.

2. Cando a modalidade de artes do bacharelato se imparta en centros de ensinanzas artísticas, as materias correspondentes poderán ser asignadas ao profesorado dos respectivos corpos de ensinanzas artísticas que teñan a formación adecuada en cada caso.

3. Así mesmo, as administracións educativas determinarán as condicións en que os funcionarios do corpo de mestres se poidan facer cargo dos módulos obrigatorios formativos de carácter xeral dos programas de cualificación profesional inicial e, no caso das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, desempeñar na educación secundaria obrigatoria funcións de atención á diversidade relacionadas coa súa especialidade.

Artigo 9. *Formación pedagóxica e didáctica.*

Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e o ensino de idiomas será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de acordo co exixido polos artigos 94, 95 e 97 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Para iso, será necesario que o correspondente título de máster cumpra as condicións establecidas no acordo de Consello de Ministros do 14 de decembro de 2007, polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas e que fose verificado de acordo co disposto na Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas.

Disposición adicional primeira. *Formación pedagóxica e didáctica do profesorado que non pode acceder aos estudos de máster.*

A formación pedagóxica e didáctica do profesorado que, por razóns derivadas da súa titulación, non poida acceder aos estudos de máster a que se refire este real decreto, acreditarase mediante unha formación equivalente á exixida no artigo 100 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, nas condicións que estableza o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

Disposición adicional segunda. *Profesorado de corpos declarados a extinguir.*

As administracións educativas determinarán, nos seus ámbitos respectivos, que materias e módulos da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato e da formación profesional do sistema educativo poderán impartir os profesores pertencentes aos corpos docentes declarados a extinguir polas normas anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Na dita determinación teranse en conta as áreas, materias ou módulos que actualmente estean impartindo.

Disposición adicional terceira. *Atribución docente para a materia de cultura audiovisual.*

A materia de cultura audiovisual do bacharelato estará a cargo de catedráticos e profesores que, calquera que

sexa a súa especialidade, acrediten unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.

Disposición adicional cuarta. *Especialidade de psicología e pedagogía.*

Os funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario e catedráticos de ensino secundario da especialidade «psicología e pedagogía» quedan adscritos á especialidade orientación educativa que a substitúe.

Disposición adicional quinta. *Docencia nunha lingua estranxeira.*

As administracións educativas regularán os requisitos de formación engadidos que se exixirán ao profesorado para impartir nunha lingua estranxeira, unha área ou materia distinta á da dita lingua, en centros públicos ou privados cuxos proxectos educativos comporten un réxime de ensino bilingüe. Entre estes requisitos debebase incluír, a partir do ano académico 2010-2011, a acreditación do dominio da lingua estranxeira equivalente do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Disposición adicional sexta. *Especialidades sen asignación de funcións.*

O profesorado das especialidades dos diferentes corpos a que se refire este real decreto para o que non se estableceu ningunha correspondencia continuará desempeñando as mesmas funcións que tiver asignadas no momento da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional sétima. *Formación pedagóxica e didáctica para exercer a docencia nas ensinanzas artísticas profesionais e nas ensinanzas deportivas.*

Os títulos universitarios oficiais de máster a que se refire o artigo 9.1, acreditan, así mesmo, a formación pedagóxica e didáctica que nos artigos 96 e 98, en relación co artigo 100 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se exixen para exercer a docencia nas ensinanzas artísticas profesionais e nas ensinanzas deportivas. O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte completará, para estes efectos, o contido da citada Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro.

Disposición adicional oitava. *Profesorado dos centros docentes militares.*

A docencia nos centros docentes militares que fosen autorizados polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, conforme o disposto no artigo 55 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, para impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos de técnico e técnico superior, poderá ser exercida polos profesores dos ditos centros sempre que a súa especialidade estea relacionada co módulo asignado e teñan a capacitación pedagóxica requirida.

Disposición transitoria primeira. *Profesorado de centros privados.*

1. En canto non se proceda á actualización das exixencias de titulación e especialización para exercer a docencia en centros privados, contidas na Orde do 24 de xullo de 1995 pola que se regulan as titulacións mínimas que deben posuír os profesores dos centros privados de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, así como na Orde do 23 de febreiro de 1998 e na Orde ECI/759/2008,

do 19 de febreiro de 2008, que completan a Orde do 24 de xullo de 1995 citada, será de aplicación o previsto nas ditas normas para as ensinanzas a que estas se refiren.

2. No caso das materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato non recollidas na Orde do 24 de xullo de 1995 citada no punto anterior, o profesorado dos centros privados deberá reunir os requisitos de titulación establecidos para as áreas ou materias relacionadas na dita orde cuxa denominación coincida coa das especialidades dos anexos III, IV e V a que están asignadas as ditas materias non recollidas na mencionada orde.

Disposición transitoria segunda. *Especialidades doutros corpos docentes.*

En canto non se regulen as especialidades e conseguinte atribución de docencia nos corpos que teñen ao seu cargo as ensinanzas artísticas, as ensinanzas de idiomas e as ensinanzas deportivas, seguirán sendo de aplicación as normas vixentes en cada caso na data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Acreditación de formación pedagóxica e didáctica.*

1. De acordo co que establece o Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional primeira, as administracións educativas poderán seguir organizando as ensinanzas conducentes ao certificado de aptitude pedagóxica ata o ano académico 2008-2009.

2. Así mesmo, os títulos profesionais de especialización didáctica e o certificado de cualificación pedagóxica organizados polas universidades ao abeiro do establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, obtidos antes do 1 de outubro de 2009, acreditarán a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100 da citada lei orgánica.

3. A partir da citada data do 1 de outubro de 2009, os títulos que habilitan para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas deberanse axustar á Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se publica o acordo de Consello de Ministros do 14 de decembro de 2007.

Disposición transitoria cuarta. *Equivalencia da docencia impartida á formación pedagóxica e didáctica.*

A quen acredite que antes do termo do curso 2008-2009 impartiu docencia durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, 12 meses en períodos continuos ou discontinuos, en centros públicos ou privados de ensino regrado debidamente autorizados, nos niveis e ensinanzas cuxas especialidades docentes se regulan neste real decreto, recoñeceráselle a dita docencia como equivalente á formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, polo que se establecen especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, se adscriben a elas os profesores correspondentes do dito corpo e se determinan as áreas e materias que deberá impartir o profesorado respectivo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, a competencia de regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e a competencia para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Actualización de anexos.*

Habilítase o ministro de Educación, Política Social e Deporte, logo do informe do Consello Escolar do Estado e da Comisión Superior de Persoal, para modificar, corrixir ou actualizar, cando iso for preciso, os anexos deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Política Social e Deporte,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

ANEXO I**Especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario**

Administración de empresas.
Alemán.
Análise e química industrial.
Asesoría e procesos de imaxe persoal.
Biloxía e xeoloxía.
Construcións civís e edificación.
Debuxo.
Economía.
Educación física.
Filosofía.
Física e química.
Formación e orientación laboral.
Francés.
Xeografía e historia.
Grego.
Hostalaría e turismo.
Informática.
Inglés.
Intervención sociocomunitaria.
Italiano.
Latín.
Lingua castelá e literatura.
Matemáticas.
Música.
Navegación e instalacións mariñas.
Organización e xestión comercial.
Organización e procesos de mantemento de vehículos.
Organización e proxectos de fabricación mecánica.
Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
Orientación educativa.
Portugués.
Procesos de cultivo acuícola.
Procesos de produción agraria.

Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos.

Procesos na industria alimentaria.
Procesos sanitarios.
Procesos e medios de comunicación.
Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.
Procesos e produtos de vidro e cerámica.
Procesos e produtos en artes gráficas.
Procesos e produtos en madeira e moble.
Sistemas electrónicos.
Sistemas electrotécnicos e automáticos.
Tecnoloxía.

ANEXO II**Especialidades docentes do corpo de profesores técnicos de formación profesional**

Cociña e pastelería.
Equipamentos electrónicos.
Estética.
Fabricación e instalación de carpintería e moble.
Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos.
Instalacións electrotécnicas.
Instalacións e equipamentos de cría e cultivo.
Laboratorio.
Mantemento de vehículos.
Máquinas, servizos e produción.
Mecanizado e mantemento de máquinas.
Oficina de proxectos de construción.
Oficina de proxectos de fabricación mecánica.
Operacións e equipamentos de elaboración de produtos alimentarios.
Operacións de procesos.
Operacións e equipamentos de produción agraria.
Patronaxe e confección.
Perrucaría.
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico.
Procedementos sanitarios e asistenciais.
Procesos comerciais.
Procesos de xestión administrativa.
Produción en artes gráficas.
Produción téxtil e tratamentos fisicoquímicos.
Servizos á comunidade.
Servizos de restauración.
Sistemas e aplicacións informáticas.
Soldadura.
Técnicas e procedementos de imaxe e son.

ANEXO III**Asignación de materias da educación secundaria obrigatoria ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario**

| Especialidades dos corpos | Materias da educación secundaria obrigatoria |
|---------------------------|---|
| Alemán. | Lingua estranxeira (alemán). |
| Biloxía e xeoloxía. | Ciencias da natureza. Biloxía e xeoloxía. |
| Debuxo. | Educación plástica e visual. |
| Educación física. | Educación física. |
| Filosofía. | Educación ético-cívica. Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Historia e cultura das relixións. |

| Especialidades dos corpos | Materias da educación secundaria obrigatoria |
|---|---|
| Física e química. | Ciencias da natureza. Física e química. |
| Francés. | Lingua estranxeira (francés). |
| Xeografía e historia. | Ciencias sociais, xeografía e historia. Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Historia e cultura das relixións. Cultura clásica. |
| Grego. Inglés. Italiano. | Lingua estranxeira (inglés). Lingua estranxeira (italiano). |
| Latín. | Latín. Cultura clásica. |
| Lingua castelá e literatura. Matemáticas. Música. Portugués. | Lingua castelá e literatura. Matemáticas. Música. Lingua estranxeira (portugués). |
| Tecnoloxía. | Tecnoloxías. Tecnoloxía. Informática. |
| Informática. | Informática. |

Nota: nos centros en que haxa profesores da especialidade de informática, estes terán preferencia sobre os de tecnoloxía para impartir a materia de Informática.

ANEXO IV

Asignación de materias do bacharelato ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario

| Especialidades dos corpos | Materias do bacharelato |
|---------------------------|--|
| Alemán | Lingua estranxeira (alemán). |
| Bioloxía e xeoloxía. | Bioloxía. Bioloxía e xeoloxía. Ciencias da terra e ambientais. Ciencias para o mundo contemporáneo. Anatomía aplicada. |
| Debuxo. | Debuxo técnico I e II. Debuxo artístico I e II. Deseño. Técnicas de expresión gráfico-plástica. Volume. Historia da arte. |
| Economía. | Economía. Economía da empresa. |
| Educación física. | Educación física. |
| Filosofía. | Filosofía e cidadanía. Historia da filosofía. |
| Física e química. | Física e química. Física. Química. Electrotecnia. Ciencias para o mundo contemporáneo. |
| Francés. | Lingua estranxeira (francés). |

| Especialidades dos corpos | Materias do bacharelato |
|--|--|
| Xeografía e historia. | Xeografía. Historia de España. Historia da arte. Historia do mundo contemporáneo. Grego I e II. Lingua estranxeira (inglés). Lingua estranxeira (italiano). Latín I e II. Lingua castelá e literatura. Literatura universal. Artes escénicas. Matemáticas I e II. Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II. Análise musical I e II. Historia da música e da danza. Linguaxe e práctica musical. |
| Grego. Inglés. Italiano. | Lingua estranxeira (inglés). Lingua estranxeira (italiano). Latín I e II. Lingua castelá e literatura. Literatura universal. Artes escénicas. Matemáticas I e II. Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II. Análise musical I e II. Historia da música e da danza. Linguaxe e práctica musical. |
| Latín. Lingua castelá e literatura. | Lingua castelá e literatura. Literatura universal. Artes escénicas. Matemáticas I e II. Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II. Análise musical I e II. Historia da música e da danza. Linguaxe e práctica musical. |
| Matemáticas. | Lingua castelá e literatura. Literatura universal. Artes escénicas. Matemáticas I e II. Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II. Análise musical I e II. Historia da música e da danza. Linguaxe e práctica musical. |
| Música. | Lingua castelá e literatura. Literatura universal. Artes escénicas. Matemáticas I e II. Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II. Análise musical I e II. Historia da música e da danza. Linguaxe e práctica musical. |
| Portugués. | Lingua estranxeira (portugués). Lingua estranxeira (portugués). |
| Tecnoloxía. | Tecnoloxía industrial I e II. Electrotecnia. |

Notas:

A materia de anatomía aplicada poderá, así mesmo, ser atribuída a quen estea en posesión do título superior de danza.

A materia de historia da arte poderá ser impartida polos catedráticos ou profesores de debuxo que estean en posesión dun título de licenciado en belas artes ou grao equivalente.

A materia de artes escénicas poderá, así mesmo, ser atribuída a quen estea en posesión do título superior de arte dramática.

As materias de análise musical I e II e de linguaxe e práctica musical poderán, así mesmo, ser atribuídas a quen estea en posesión do título superior de música.

A materia de historia da música e da danza poderá, así mesmo, ser atribuída a quen estea en posesión do título superior de música ou o título superior de danza.

ANEXO V

Asignación de materias a que se refire o número 3 do artigo 3

| Especialidades dos corpos | Materias de bacharelato e/ou ESO |
|---------------------------------------|---|
| Administración de empresas. | Economía. Economía da empresa. |
| Análise e química industrial. | Química. |
| Asesoría e procesos de imaxe persoal. | Bioloxía. |
| Bioloxía e xeoloxía. | Física e química (ESO). Debuxo técnico I e II. |
| Construcións civís e edificación. | Bioloxía e xeoloxía (ESO). Economía. Economía da empresa. |
| Física e química. | Latín I e II. Latín (ESO). Historia e cultura das relixións (ESO). Grego I e II. |
| Formación e orientación laboral. | Historia e cultura das relixións (ESO). Grego I e II. |
| Grego. | Historia e cultura das relixións (ESO). |
| Latín. | Historia e cultura das relixións (ESO). |

| Especialidades dos corpos | Materias de bacharelato e/ou ESO |
|---|----------------------------------|
| Matemáticas. | Informática (ESO). |
| Organización e xestión comercial. | Economía. |
| Organización e procesos de mantemento de vehículos. | Economía da empresa. |
| Organización e proxectos de fabricación mecánica. | Tecnoloxía industrial I e II. |
| Organización e proxectos de sistemas enerxéticos. | Tecnoloxía industrial I e II. |
| Procesos de cultivo acuícola. | Electrotecnia. |
| Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos. | Bioloxía. |
| Procesos e produtos en madeira e moble. | Bioloxía. |
| Procesos sanitarios. | Debuxo técnico I e II. |
| Sistemas electrónicos. | Bioloxía. |
| | Tecnoloxía industrial I e II. |
| | Electrotecnia. |
| Sistemas electrotécnicos e automáticos. | Tecnoloxía industrial I e II. |
| | Electrotecnia. |

Notas:

Os profesores de asesoría e procesos de imaxe persoal poderán impartir a materia de bioloxía sempre que se trate de licenciados ou graduados en ciencias con formación en bioloxía.

Os profesores de formación e orientación laboral poderán impartir as materias de economía e economía de empresa sempre que se trate de licenciados ou graduados nalguna especialidade da rama de coñecementos de ciencias sociais e xurídicas con formación en economía.

MINISTERIO DO INTERIOR

19273 *REAL DECRETO 1963/2008, do 28 de novembro, polo que se desenvolve o réxime electoral do Consello da Garda Civil. («BOE» 288, do 29-11-2008.)*

I

A Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, creou e regulou no seu título VII o Consello da Garda Civil, un novo órgano colexiado en que participarán representantes dos membros da Garda Civil e da Administración. A finalidade dese órgano será mellorar tanto as condicións profesionais dos gardas civís como o funcionamento da propia institución.

O citado Consello substituirá, o día que se constitúa, e en virtude da disposición transitoria segunda da lei orgánica, o actual Consello Asesor de Persoal da Garda Civil, cuxa composición, funcionamento e procedemento de elección dos seus membros se encontra regulado no Real decreto 4/2002, do 11 de xaneiro.

Pola súa parte, e en virtude do artigo 53.1.a) da citada lei, serán os propios gardas civís os que, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto, elixan os seus representantes no Consello. Ao respecto, o artigo 56.9 determina que regulamentariamente se establecerán as normas complementarias que sexan precisas en materia

de convocatoria, voto e desenvolvemento do procedemento electoral.

Por todo iso, este real decreto, ademais de cumprir o mandato de desenvolvemento regulamentario citado anteriormente, constitúe, xunto coa lei orgánica, o marco legal necesario para regular o procedemento electoral, a través do cal se levará a cabo a elección dos representantes do corpo no Consello da Garda Civil.

II

O contido do real decreto, seguindo as premisas que ao respecto se expoñían no preámbulo da Lei orgánica 11/2007, comparte trazos coa regulación que, en materia electoral, existe noutros colectivos en que se recolle tamén o dereito de libre asociación profesional, tales como os fiscais e os xuíces e maxistrados integrantes da carreira xudicial, como é o caso da regulación do permiso que, dentro da campaña electoral, se concede aos candidatos titulares proclamados como tales.

Ademais diso, no real decreto inclúense os preceptos que, en relación co proceso electoral necesario para formar parte do Consello da Garda Civil, estableceu a citada lei orgánica, e incorpóranse tamén aqueles aspectos máis positivos obtidos durante os últimos anos nos procesos electorais desenvolvidos para a elección de membros ao Consello Asesor de Persoal da Garda Civil.

Desta forma establécese no real decreto un sistema de votación baseado en procedementos electrónicos, ben que coa excepción do voto por correspondencia, e que foi o que caracterizou as convocatorias electorais ao citado Consello Asesor de Persoal. Este procedemento presenta numerosas vantaxes, entre as que destacan a posibilidade de que os electores poidan exercer o seu dereito ao voto en calquera punto de votación e a maior celeridade e simplificación do escrutinio. Non obstante determinase a obriga de que na convocatoria de eleccións se estableza a forma de solucionar as incidencias que se poidan dar na votación, sempre que respondan a causas non imputables ao elector.

Pola súa parte, recóllese de forma innovadora para eleccións deste tipo na Garda Civil a posibilidade de presenza, tanto nos puntos de votación como na sede central onde se realice o escrutinio, de delegados das asociacións profesionais ou agrupacións de electores que presentasen candidaturas.

Á presenza de delegados únense, formando parte da administración electoral, os representantes da Garda Civil que estarán presentes en todos e cada un dos puntos de votación. Iso contribúe a conceder ao proceso electoral maiores garantías e máis capacidade de reacción ante situacións imprevistas, e resulta ao mesmo tempo parte fundamental da decisiva implicación institucional no desenvolvemento do proceso electoral.

Outros aspectos regulados son os referidos ao censo electoral, ás candidaturas, á campaña electoral e á proclamación de electos.

O censo deseñado supón un claro exemplo, xunto ao voto electrónico, da incorporación das novas tecnoloxías a unha gran parte dos ámbitos de actuación da Garda Civil. Desta forma preténdese dispoñer dun censo vivo que recolla de forma actualizada a relación de todos aqueles gardas civís que, figurando no Rexistro de Persoal da Garda Civil, deban ser electores, ben que e co obxecto de garantir a máxima seguranza xurídica, este censo quedará cerrado quince días antes da realización das eleccións, co establecemento dun período de posibles correccións.

Polo que respecta ás candidaturas, e de conformidade coa lei orgánica, inclúense as asociacións profesionais e agrupacións de electores. Ademais, e tendo en conta a presenza da muller na Garda Civil, promóvese a presenza equilibrada de mulleres e homes nas listas de titulares e